O ciclo Cinemas Dixitais retorna a Verín co fin de achegar ao público galego unhas obras audiovisuais que non acceden ás plataformas tradicionais de distribución e exhibición: os filmes árabes, que son unha escolma do mais representativo do último cinema xurdido baixo as peculiaridades da cultura árabe.

Esta actividade organizada polo Festival de Cinema Euro-Árabe de Santiago de Compostela e a Axencia Audiovisual Galega, en colaboración co Concello de Verín, ten como fin coñecer outras realidades e a consciencia "do outro", para comprender mellor a súas singularidades e integrar e respectar mellor as comunidades emigrantes que decidan convivir connosco.

Nesta ocasión, de forma gratuíta, os habitantes de Verín poderán visionar estes filmes desde o 23 ao 26 de xuño, ás 20.15 horas, na Casa da Cultura de Verín.
23 de xuño: *Sombras na noite*
24 de xuño: *Cinturón de lume*
25 de xuño: *En coche ata Zigzigland*
26 de xuño: *Máis alá do muro*